



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

María José Calvo Martínez solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.57829

As obras solicitadas consisten na construción dun muro de 6 m de lonxitude no lugar do Curro, parroquia do Vicedo, concello do Vicedo, finca 27064A013007040000PU, na zona de policía do rego da Veiga, a uns 45 m da canle.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Vicedo (O) ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 04 de outubro de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 3009

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

**Resolución do 25 de setembro de 2017, da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica "LMT. CT. e RBT. Amarante", no concello de Antas de Ulla (Exp. 001/2016 A.T.)**

Examinado o expediente instruído a instancia da empresa Unión Fenosa Distribución S.A., con enderezo para os efectos de notificación na Batundeira 2, Velle (Ourense) aprécianse os seguintes

#### **Antecedentes de feito.**

**Primeiro.**-Con data 3 de marzo de 2016, a citada empresa solicita a autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación eléctrica "LMT. CT. e RBT. Amarante", no concello de Antas de Ulla, presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310), que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e xuntando a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE do 27 de decembro de 2013, núm. 310) e o artigo 143 do Real decreto 1955/2000, antes citado.

**Segundo.**- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, mediante resolución desta xefatura territorial do 26 de xuño de 2017. Esta resolución foi publicada no diario La Voz de Galicia do 19 de xullo de 2017, no BOP de Lugo do 13 de xullo de 2017 e no DOG do 17 de decembro de 2017, no taboleiro de anuncios da citada xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Antas de Ulla. Con esta resolución inseríase a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

**Terceiro.-** Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e cúmplíronse os trámites establecidos no artigo 127 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

**Cuarto.-** Durante o trámite de información pública non se presentaron alegacións.

**Quinto.-** Persoal dos servizos técnicos desta xefatura territorial emitiu informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se dá ningunha das limitacións para a imposición da

servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real decreto 1955/2000, en relación co artigo 58 da Lei 24/2013, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A este feitos son de aplicación os seguintes

#### **Fundamentos de dereito.**

**Primeiro.-** A esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e tendo en conta o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro (DOG. Núm. 22 do 1 de febreiro) sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro do sector eléctrico, correspóndelle resolver sobre a presente solicitude.

**Segundo.-** No expediente cúmplíronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada lei 24/2013, e os regulamentarios ordenados nos capítulos II e V do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

**Terceiro.-** Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que consonte ao artigo 151 do citado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co exposto e en virtude das competencias que ten atribuídas, esta xefatura territorial

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.** Autorizar a Unión Fenosa Distribución S.A. o establecemento da instalación eléctrica denominada “LMT. CT e RBT. Amarante”, no concello de Antas de Ulla, coas seguintes características técnicas principais:

1.- Centro de transformación rural, cunha potencia de 250 kVA e unha relación de transformación de 20.000/400 V.

2-Liña de media tensión aérea a 20 kV, cunha lonxitude de 158 m. con orixe no PAL807, condutor tipo LA 30 e final no apoio C-FL-12/2000-H35-CAIII.

3-Liña de media tensión soterrada a 20 kV. cunha lonxitude de 335 m. con orixe no P.A.S. proxectado no apoio C-FL-12/2000-H35, condutor tipo RHZ1 e final no CT proxectado 250 kVA.

4-Liña de baixa tensión soterrada, cunha lonxitude de 107 m. con orixe no CT proxectado, condutor tipo XZ1 e final na rede existente de baixa tensión.

**Segundo.** Aprobar o proxecto de execución da instalación eléctrica “LMT. CT e RBT Amarante” visado o día 30 de decembro de 2015 co número 20153595, polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia e asinado polo enxeñeiro industrial D. Darío Sánchez Maeso, colexiado número 2564.

**Terceiro.** Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica obxecto do presente expediente, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario La Voz de Galicia do 19 de xullo de 2017, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 13 de xullo de 2017 e no Diario Oficial de Galicia do 17 de xullo de 2017, expostas no Taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Antas de Ulla. Así mesmo, se fai constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións que se consideren oportunas, aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante esta Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria, (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

**Primeira.**-As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e cos planos que figuran no proxecto “LMT. CT e RBT. Amarante” presentado pola empresa Unión Fenosa Distribución S.A.

**Segunda.**-O petionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade con carácter permanente.

**Terceira.**- Deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, de acordo co Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

**Cuarta.**-Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa desta xefatura territorial.

**Quinta.**- O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

**Sexta.**-A Administración resérvase para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

**Sétima.**-Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Lugo, 25 de setembro de 2017.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 3010

### *Anuncio*

**Resolución do 21 de setembro de 2017, da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urgente ocupación, a instalación eléctrica “LMT. CT e RBT. Lence”, no concello de O Corgo (Exp. 002/2017 A.T.)**

Examinado o expediente instruído a instancia da empresa Unión Fenosa Distribución S.A., con enderezo para os efectos de notificación na Batundeira 2, Velle (Ourense) aprécianse os seguintes

#### **Antecedentes de feito.**

**Primeiro.**-Con data 9 de marzo de 2017, a citada empresa solicita a autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación eléctrica “LMT. CT e RBT. Lence”, no concello de O Corgo, presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310), que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e xuntando a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE do 27 de decembro de 2013, núm. 310) e o artigo 143 do Real decreto 1955/2000, antes citado.

**Segundo.**- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, mediante resolución desta xefatura territorial do 27 de xuño de 2017. Esta resolución foi publicada no diario El Progreso do 20 de xullo de 2017, no BOP de Lugo do 21 de xullo de 2017 e no DOG do 18 de xullo de 2017, no taboleiro de anuncios da citada xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello do Corgo. Con esta resolución inseríase a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

**Terceiro.**- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e cumpríronse os trámites establecidos no artigo 127 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

**Cuarto.**-Durante o trámite de información pública presentáronse as seguintes alegacións:

D. José Chousa Jacob solicita o traslado dun apoio que afecta a súa finca para que a liña non afecte a mesma.

D. Darío Mera Castro oponse ao trazado proxectado para a instalación eléctrica e solicita a súa modificación para que discorra sobre terreos de dominio, uso ou servizo público.

**Quinto.**-Persoal dos servizos técnicos desta xefatura territorial emitiu informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se dá ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real decreto 1955/2000, en relación co artigo 58 da Lei 24/2013, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A este feitos son de aplicación os seguintes

#### **Fundamentos de dereito.**

**Primeiro.**-A esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e tendo en conta o Decreto 36/2001, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro do sector eléctrico, correspóndelle resolver sobre a presente solicitude.

**Segundo.**-No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada lei 24/2013, e os regulamentarios ordenados nos capítulos II e V do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

**Terceiro.** Á vista das alegacións presentadas, da contestación que formula a empresa promotora, dos informes técnicos e do resto da documentación que figura no expediente, considérase que aquelas non impiden continuar coa tramitación do expediente basicamente porque as posibles variantes do trazado que suxiren os interesados non se concretan nunha proposta que acrediten que reúnan, conxuntamente, as condicións esixidas no artigo 161 do Real decreto 1955/2000.

**Cuarto.**- Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que consonte ao artigo 151 do citado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co exposto e en virtude das competencias que ten atribuídas, esta xefatura territorial

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.** Autorizar a Unión Fenosa Distribución S.A. o establecemento da instalación eléctrica denominada “LMT. CT e RBT. Lence”, no concello de O Corgo, coas seguintes características técnicas principais:

1.- Liña de media tensión a 20 kV cunha lonxitude de 1.158 m. con orixe na celosía metálica n.º. 65-10 proxectada en substitución do apoio de formigón existente da mesma numeración correspondente á liña de media tensión CRG804 (Sarria 4) procedente da subestación Corgo, no seu tramo entre os centros de transformación existentes Samprizón (27AK42) e Marei II (27A604), condutor tipo LA-56 e final no centro de transformación intemperie proxectado.

2-Centro de transformación 100/24/20 B2 intemperie, cunha potencia de 100 kVA e unha relación de transformación de 20.000/400 V.

3-Liña de baixa tensión aérea cunha lonxitude de 309 m. con orixe no centro de transformación proxectado, condutor tipo XZ1 e final na rede existente de baixa tensión.

**Segundo.** Aprobar o proxecto de execución da instalación eléctrica “LMT. CT e RBT Lence” asinado polo enxeñeiro industrial D. Miguel Angel Bernal López, colexiado número 2901.

**Terceiro.** Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica obxecto do presente expediente, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso do 20 de xullo de 2017, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

do 21 de xullo de 2017 e no Diario Oficial de Galicia do 18 de xullo de 2017, expostas no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de O Corgo. Así mesmo, se fai constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións que se consideren oportunas, aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante esta Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria, (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

**Primeira.**-As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e cos planos que figuran no proxecto “LMT. CT e RBT Lence” presentado pola empresa Unión Fenosa Distribución S.A.

**Segunda.**-O petionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade con carácter permanente.

**Terceira.**- Deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, de acordo co Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

**Cuarta.**-Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa desta xefatura territorial.

**Quinta.**-O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

**Sexta.**-A Administración resérvase para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

**Sétima.**-Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial o outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Lugo, 21 de setembro de 2017.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 3011

---

## XEFACTURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

### *Anuncio*

José Luis Vilaluso Paz (DNI 76416208L), en representación da Sociedade de Cazadores de Xermade, solicita a ampliación do tecor Xermade (LU-10068) con 906,16 hectáreas de terreo de réxime cinexético común da parroquia de Piñeiro (zona libre de Piñeiro).

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 29 de setembro de 2017.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Margarita López Blanco

R. 3012

*Anuncio*

Elisa Concepción Rodríguez Sanjurjo (DNI 10847969L) e José Manuel Rodríguez Sanjurjo (DNI 10862156S), como administradores solidarios de PAISAJE ÚNICO SL (CIF B27490598) solicitan a segregación de 64,6646 ha de terreo do teor "O Faisán" (LU-10180) correspondentes ás parcelas 209 e 212 do polígono 028 e a parcela 123 do polígono 027 do Catastro de Ribadeo (Lugo).

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 29 de setembro de 2017.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Margarita López Blanco

R. 3013

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO****SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS***Anuncio*

**PUBLICACION DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29 DE SETEMBRO DE 2017, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES XERAIS E AS BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISION DEFINITIVA, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN, DA PRAZA DENOMINADA "TÉCNICO/A SUPERIOR EN ARQUIVISTICA", DE PERSOAL FUNCIONARIO CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DO ANO 2016.**

Resultando que pola Resolución da Presidencia, de data 26 de decembro de 2016, aprobouse a Oferta de Emprego Pública para o ano 2016 da Deputación Provincial de Lugo; que se publicou no Boletín Oficial da Provincia número 297, de 28 de decembro do 2016 (corrección de erros, BOP nº 10, de data 13 de xaneiro do 2017).

Vista a mencionada Oferta de Emprego Pública para o ano 2016, e constatando a necesidade de cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que seguidamente se relacionan:

Nº VAC.	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	COTA	GRUPO SUBG.	FORMA PROVISIÓN
1	TÉCNICO SUPERIOR EN ARQUIVISTICA	Escala Admón. Especial.- Subescala Técnica. Técnicos Superiores.	XERAL	A-A1	OPOSICIÓN LIBRE

Considerando o establecido no artigo 55 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do Empregado Público; o determinado no artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; e en uso das atribucións que lle confire o artigo 5 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que deben axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de administración local.

Como consecuencia de todo o sinalado, en virtude das atribucións conferidas no artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056, de 1 de marzo de 2011), á Xunta de Goberno adopta o seguinte **ACORDO**:

**1º.-** Aprobar as bases xerais e específicas para a provisión, polo sistema de oposición libre, da praza que a continuación se sinala, correspondente á Oferta de Emprego Pública do ano 2016 -acceso libre-, figurando vacante e dotada no cadro de persoal funcionario desta Deputación Provincial:

Nº VAC.	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	COTA	GRUPO SUBG.	Nº PRAZA
1	TÉCNICO SUPERIOR EN ARQUIVISTICA	Escala Admón. Especial.- Subescala Técnica. Técnicos Superiores.	XERAL	A-A1	868

**2º.-** Convocar publicamente a quen, reunindo os requisitos esixidos, desexe participar nas correspondentes probas selectivas.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das Bases xerais e específicas no Boletín Oficial da Provincia, enviando extracto da convocatoria ao DOG e BOE, e realizar cantos trámites sexan necesario para a súa tramitación.

Pazo provincial de Lugo, 9 de outubro de 2017.- **O SECRETARIO, Cristobal Victor Fraga Bermejo.**

## **BASES XERAIS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES DE PERSOAL FUNCIONARIO, NESTA DEPUTACIÓN DE LUGO, PARA ACCESO LIBRE.**

### **1.- NORMAS XERAIS.**

#### **1.1.- NORMAS DE APLICACIÓN.**

As presentes probas selectivas seranlle aplicables o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; no que resulte vixente, a Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL); o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL); a Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (LMRFP); o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da Admón. Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; o Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; as Bases da Convocatoria; e o Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo.

#### **1.2.- CONVOCATORIA.**

Aprobadas as Bases Xerais e Específicas pola Xunta de Goberno desta Entidade, así como a convocatoria do correspondente proceso selectivo, ordenarase a súa publicación no BOP, enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

### **2.- OBXECTO.**

As presentes Bases Xerais teñen por obxecto establecer o procedemento xeral polo que se rexerán os procesos selectivos para acceder ás distintas escalas, subescalas, clases e categorías de persoal funcionario desta Deputación, vacantes no Cadro de Persoal Funcionario, dotadas orzamentariamente e incluídas na correspondente Oferta de Emprego, para prover mediante acceso libre.

### **3.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección será o determinado nas bases específicas para cada praza.

### **4.- PRAZAS QUE SE CONVOCAN.**

O número de prazas ofertadas establecerase na convocatoria, determinando o número de prazas reservadas ao sistema de acceso xeral e, se é o caso, as que se reservan para ser cubertas por persoas con discapacidade, con grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

### **5.- INCOMPATIBILIDADES.**

As persoas que obteñan as prazas ás que se refire a convocatoria, estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas).

### **6.- REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS ASPIRANTES.**

#### **6.1.- Para poder participar nos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes:**

##### **6.1.1.- Requisitos xerais:**

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao

corpo ou escala de persoal funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación académica esixida nas bases específicas para ingresar na praza á que se aspira.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) No caso de que exista cota para persoas discapacitadas, ademais dos requisitos anteriores, os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

Todos os requisitos esixidos neste apartado deberán posuílos as persoas aspirantes no día que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionarios de carreira.

#### **6.1.2.- Requisitos específicos:**

a) Cumprir, no momento da toma de posesión, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

As persoas aspirantes seleccionados que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade no momento da toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo á Deputación, as persoas aspirantes seleccionadas comprométese a renunciar á mencionada actividade.

b) Ter ingresado na Tesourería da Deputación ou na conta bancaria ES04-2080 0163 85 3110000423 de ABANCA a cantidade fixada como taxa por participación en procedementos selectivos (base 7.6.1).

c) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

### **7.- SOLICITUDES.**

#### **7.1.- FORMA.**

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán presentar a solicitude, que figura como Anexo I destas Bases Xerais e que estará a disposición de todos os que queiran participar no proceso selectivo na páxina web [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org), manifestando que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nestas, en particular na Base Xeral 6.1.1 e na Base Específica 4.

Deberá constar nesta solicitude o compromiso, no caso de obter a praza, de xurar ou prometer lealdade ao Rei, respecto aos dereitos das persoas, estrita observancia da Lei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

As persoas aspirantes cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, a que se refire a base 6.1.f), deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

As persoas aspirantes só poderán participar, no caso de que exista cota de discapacitados, nunha das dúas modalidades. Se da instancia que se presente non se deduce a súa opción, incluíranse, por defecto, na lista provisional do sistema xeral. Polo tanto, tras a publicación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as non se permitirá ningún cambio de quenda posterior ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

A solicitude deberá ser debidamente cumprimentada e acompañarse dos documentos sinalados na base 7.6

#### **7.2.- ÓRGANO A QUEN SE DIRIXE.**

As instancias correspondentes dirixiranse ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

#### **7.3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

O prazo de presentación será de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### **7.4.- LUGAR DE PRESENTACIÓN.**

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo, ou a través das formas establecidas no artigo 16 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos antes de seren certificadas.

#### **7.5.- ERROS NAS SOLICITUDES.**

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.



Non obstante o sinalado, a presentación de instancias fóra do prazo establecido non será emendable e suporá a exclusión do procedemento selectivo.

#### **7.6.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.**

**7.6.1.-** Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá prestar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do DNI.

**7.6.2.-** Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados, xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición.

#### **7.6.3.- TAXA POR PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS.**

##### **A) Documentación acreditativa de ter aboada a taxa por participación en procesos selectivos.**

De acordo coa Ordenanza desta Deputación Provincial publicada no B.O.P nº 202 de 1 de setembro de 2004, onde se establece a Taxa por participación en procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial ou os seus Organismos Autónomos para participar na presente convocatoria, os aspirantes deberán facer o aboamento de 15 Euros que ingresarán directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia Bancaria na conta número ES04 - 2080 0163 85 3110000423 de ABANCA, ou mediante Xiro Postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

As persoas aspirantes acompañarán á solicitude co documento acreditativo de ter feito o ingreso da correspondente taxa dentro do período de presentación de solicitudes (no caso de non realizarse o pagamento directamente na Tesourería, indicarase a data do xiro ou da transferencia e o número do resguardo).

##### **B) Certificación relativa á condición de desempregado/a aos efectos de redución da taxa por participación en procesos selectivos.**

As persoas aspirantes que acrediten a condición de desempregados/as e non perciban prestación de desemprego, terán unha redución na taxa de participación en procedementos selectivos do 75%. En consecuencia, para acreditar esta situación e participar no procedemento selectivo que se convoca deberán aboar, a cantidade de 3,75 Euros en concepto de taxa por participación en procesos selectivos, directamente nas oficinas da Tesourería da Deputación ou mediante transferencia Bancaria na conta número ES04- 2080 0163 85 3110000423 de ABANCA, ou mediante Xiro Postal dirixido á Tesourería desta Entidade.

As persoas aspirantes neste supostos deberán acompañar á solicitude:

- Certificacións da Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, nas que acrediten a condición de ser desempregado/a e de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

- Documento acreditativo de ter feito o ingreso da correspondente taxa dentro do período de presentación de solicitudes.

**C)** En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento, substituirá á obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente as persoas que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

##### **D) Devolución da taxa por participación en procesos selectivos.**

Unicamente procederá a devolución da taxa a aqueles/as aspirantes que o soliciten e que fosen excluídos definitivamente da participación das probas.

#### **7.6.4. ACREDITACIÓN DE MÉRITOS.**

##### **A) Documentación acreditativa dos méritos alegados cando o sistema selectivo sexa o concurso de méritos ou o concurso-oposición.**

As persoas aspirantes deberán presentar, acompañando á solicitude a documentación que acredite os méritos aos que fai referencia a convocatoria en relación á fase de concurso ou ao concurso de méritos.

Os méritos aos que se fai referencia no Baremo que figura nas Bases Específicas, deberán xustificarse polas persoas interesadas fidedignamente con documentos orixinais ou mediante copia autenticada acreditativa daqueles, mediante certificacións, titulación ou titulacións (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas), informe do Xefe da Área, Servizo ou Sección correspondente, currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable a posesión destes.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

##### **B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.**

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán, aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá ás persoas interesadas para que os acrediten.

## **8.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

### **8.1. SUBSANACIÓN DE ERROS NAS SOLICITUDES.**

Conforme ao disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderase requirir das persoas interesadas a emenda dos erros corrixibles que se produciran na súa solicitude, nun prazo de dez días.

Se no dito prazo non se corríxen os defectos, serán excluídos/as da lista de admitidos.

### **8.2.- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS.**

Transcorrido o prazo de presentación de instancias, o Sr. Presidente, ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, cos nomes, apelidos e causa de exclusión indicando se esta é ou non subsanable. Esta Resolución publicárase no BOP e no Taboleiro de Anuncios da Deputación de Lugo e na páxina web [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

### **8.3.- ALEGACIÓNS Á LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.**

Contra a Resolución que aprobe a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, as persoas aspirantes poderán formular alegacións, dentro do prazo de dez días.

### **8.4.- LISTA DEFINITIVA.**

Finalizados os prazos sinalados, o Sr. Presidente ditará Resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións presentadas e publicará tamén a citada resolución no BOP coas listas definitivas completas de admitidos/as e excluídos/as.

De non producirse exclusións, ou de non presentarse ningunha alegación á lista provisional, esta entenderase definitiva, transcorrido o prazo de dez días hábiles dende a publicación da Resolución aprobatoria desta no BOP.

### **8.5.- RECURSOS CONTRA A LISTA DEFINITIVA.**

Contra a Resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do Sr. Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no BOP; ou ben recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación no BOP.

**8.6.-** O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

## **9.- DESIGNACIÓN, COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO TRIBUNAL.**

### **9.1. – COMPOSICIÓN.**

O Tribunal cualificador estará composto por un mínimo de 5 membros titulares e 5 suplentes, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

**PRESIDENTE:** O Xefe do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial.

**VOGAIS:** Tres técnicos/as ou expertos/as designados/as polo Presidente da Deputación Provincial.

**SECRETARIO:** O da Corporación ou funcionario que o substitúa.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual.

O nomeamento das persoas membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Sr. Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza que se convoca. Os órganos de selección non poderán estar formados maioritariamente por funcionarios pertencentes ao mesmo Corpo ou Escala obxecto da selección.

As persoas que formen parte do Tribunal terán toda voz e voto.

### **9.2.- ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN.**

As persoas integrantes do Tribunal absteranse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente deberá solicitar dos membros do Tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no citado artigo 23 da referida Lei de Réxime Xurídico do Sector Público nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá ser tamén cuberta polo persoal asesor especialista e polo persoal auxiliar que o Tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, as persoas interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

### **9.3.- ACTUACIÓN DO TRIBUNAL.**

O Tribunal constituirase na data que designe quen ostente a Presidencia, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta das persoas membros de cada Tribunal, titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, de quen ostente a Presidencia e a Secretaría. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes con presenza, en todo caso, das persoas que ostenten a Presidencia e a Secretaría, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto nas Leis 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público; e ás bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos das persoas que o integran presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas Bases.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a Presidencia tanto como titular e como suplente, actuará no seu lugar a persoa vogal designada en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

O Tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizar os exercicios cas do resto de aspirantes; neste sentido, estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten na forma prevista na base 7.1, as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización. Se na súa realización lle xurdisen dúbidas ao Tribunal respecto da capacidade dalgunha persoa aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polo persoal funcionario da praza á que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

### **9.4.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.**

A persoa que desempeñe a Presidencia poderá dispor a incorporación aos seus traballos de persoal asesor naquelas probas que demanden oír a opinión de persoal técnico especialista, así como de persoal colaborador en tarefas de vixilancia e control do desenvolvemento dos diferentes exercicios.

### **9.5.- PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.**

As persoas integrantes do Tribunal, así como o persoal asesor ou colaborador que se incorpore a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

Así mesmo, as persoas membros do Tribunal que teñan que desprazarse dende outro termo municipal terán dereito a gastos de viaxe, conforme determina o RD 462/2002, de 24 de maio, podendo efectuar o citado desprazamento en vehículo propio.

### **9.6.- PUBLICACIÓN.**

A Resolución do Sr. Presidente publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios da Deputación de Lugo e na páxina [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) e conterá:

- a) A composición do Tribunal cualificador.
- b) A citación ao Tribunal para que se constitúa e proceda, se é o caso, á valoración dos méritos da fase de concurso ou do concurso de méritos.
- c) A citación as persoas aspirantes para a realización do primeiro exercicio da oposición ou, se é o caso, da fase de oposición, garantindo un prazo mínimo de 15 días dende a data de publicación á do primeiro exercicio.
- d) A orden de actuación das persoas candidatas, cando se trate de exercicios nos que non se poida gardar o anonimato, comezará pola letra Z segundo o sorteo público realizado en data 22-03-07, publicado no B.O.P. nº 74, de 30 de marzo de 2007. No resto das probas a orde será polo número de control, sempre de menor a maior.

## **10.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

### **10.1.- CRITERIOS XERAIS.**

O sistema de selección será o que se determine nas Bases Específicas para cada praza.

O baremo de méritos que rexerá na fase de concurso (cando o sistema de selección sexa o concurso-oposición) será o establecido no Anexo ás presentes bases ou nas bases específicas.

No concurso-oposición, a fase de concurso non terá carácter eliminatorio. A valoración de méritos farase pública no taboleiro de anuncios da Deputación e na páxina [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) con anterioridade ao primeiro exercicio da fase de oposición, non podendo aplicarse a puntuación obtida naquela fase para superar os exercicios da fase de oposición.

No concurso-oposición e oposición os exercicios determinaranse nas bases específicas. Serán obrigatorios, e terán carácter eliminatorio, agás que especificamente se determine o contrario.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas oportunas para que os exercicios escritos se corrixan sen coñecer a identidade dos aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato. Neste tipo de exercicios, quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen ao aspirante, ou sinais ou marcas que puidesen vulnerar o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

Para cumprimento do establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, da Lei de Emprego Público de Galicia, que establece que nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, todo isto sen prexuízo daquelas probas que teñan que realizarse en galego para aquelas prazas/postos/empregos en que se requira un especial coñecemento da lingua galega.

## **10.2.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS (Fase de oposición ou oposición).**

As persoas aspirantes deberán presentarse para cada exercicio provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal.

As persoas participantes no proceso selectivo poderán ser requiridas polo Tribunal, en calquera momento, coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídas do seu dereito quen non compareza a realizalo, agás casos de forza maior, debidamente xustificados e apreciados libremente polo Tribunal.

Malia o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do Tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo, 48 horas logo do anuncio da data do exame e levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do Tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación. O Tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ámbalas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do Tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

O Tribunal poderá ordenar a realización dos exercicios de forma sucesiva, sempre que así se anuncie ao rematar cada un dos exercicios anteriores. Non obstante, as persoas aspirantes poderán solicitar que dende o inicio dun exercicio ata o comezo do seguinte transcorra un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días, prazo que neste caso debe ser respectado polo Tribunal.

Unha vez comezadas as probas non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios para a realización das restantes probas no BOP, sendo suficiente a súa publicación no taboleiro de anuncios da Entidade convocante.

## **11.- CUALIFICACIÓN.**

### **11.1.- MODO DE CUALIFICACIÓN.**

#### **a) Fase de concurso (concurso-oposición).**

A cualificación adoptarase aplicando o baremo de méritos establecido nas bases específicas.

#### **b) Fase de oposición ou oposición.**

As cualificacións obteranse sumando as puntuacións outorgadas polos membros do Tribunal e dividindo o total polo número de asistentes daquel, sendo o cociente a cualificación definitiva. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do Tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas ambas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polas demais persoas membros do Tribunal.

### **11.2.- CUALIFICACIÓN FINAL.**

#### **a) Sistema de concurso-oposición:**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e as obtidas na fase de oposición, establecendo o correspondente sumando a orde definitiva de persoas aspirantes aprobadas.

#### **b) Sistema de oposición:**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios, establecendo deste xeito a orde definitiva de aspirantes aprobados.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, tendo en conta o artigo 49 do Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración Pública Galega se verificara a infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a favor da muller. No suposto de que o empate se produza entre dúas mulleres ou entre dous homes, no concurso-oposición e na oposición, este resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e, si se mantén, acudirse á puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva. No sistema do concurso acudirse a puntuación obtida nos distintos apartados do baremo, resolvendo o empate a favor do aspirante que tivera máis puntuación no primeiro apartado; si se mantén, acudirse aos seguintes apartados.

### **12.- LISTA DE PERSOAS APROBADAS, PROPOSTA DO TRIBUNAL, PUBLICACIÓN E NOTIFICACIÓN.**

Rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará a relación de persoas aprobadas pola orde de puntuación. O Tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Esta relación farase pública no taboleiro de anuncios da Deputación e na páxina [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org), contendo así mesmo proposta de nomeamento a favor das persoas aspirantes seleccionadas.

Non obstante o anterior, co fin de asegurar a cobertura das vacantes, cando se produzan renuncias das aspirantes seleccionadas, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria das persoas aspirantes aprobadas que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.

A proposta de nomeamento será notificada aos aspirantes propostos coa indicación de que dispoñen dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da recepción da comunicación fidedigna de ser declarados aprobados, para presentar a documentación que se sinala na base seguinte.

O Tribunal establecerá a orde daquelas persoas aspirantes que sen ser seleccionadas aprobaron tódalas probas para a súa incorporación nas listas reguladas ao abeiro da Resolución da Presidencia de data 29 de setembro de 2009, pola que se aproba a modificación dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 231 do 8 de outubro de 2009.

No suposto de que existan prazas reservadas a cota de discapacidade e que non sexan cubertas por persoas con discapacidade, estas acumularanse ao sistema de acceso xeral. Así mesmo, no suposto de que algunha persoa aspirante con minusvalía que se presentase pola cota de reserva de persoal discapacitado superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

### **13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

#### **13.1.- DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR.**

Os persoas aspirantes propostas presentarán no Rexistro Xeral da Deputación Provincial a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- b) Certificación en extracto de inscrición de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
- c) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Acreditación de non ter sido separada do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- f) No caso de persoas aspirantes a prazas de cota reservada a persoas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que superen o concurso-oposición ou oposición, deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar e, se é o caso, da Administración correspondente.

Así mesmo, a Deputación requirirá, respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade da discapacidade do desempeño das correspondentes funcións.

Se as persoas aspirantes seleccionadas tiveran a condición de persoal funcionario público, estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso presentarán certificación do Organismo ou Ente do que dependan, acreditativo da súa condición de persoal funcionario, así como das demais circunstancias que consten no seu expediente persoal que sexan necesarias para xustificar os requisitos esixidos para o nomeamento.

### **13.2.- PRAZO.**

O prazo de presentación será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da lista de aprobados.

### **13.3.- FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Quen, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentaran a súa documentación ou cando da mesma se deducira que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 6, non poderán ser nomeadas, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude.

### **14.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.**

#### **14.1.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO.**

Á vista da proposta de nomeamento formulada polo Tribunal e comprobado que as persoas aspirantes incluídas na citada relación de aprobados presentaron a documentación xustificativa dos requisitos sinalados na Base Xeral 6, o Sr. Presidente formulará proposta á Xunta de Goberno para que efectúe o nomeamento resolvendo definitivamente o procedemento selectivo.

#### **14.2.- NOMEAMENTO.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, procederá a nomear como persoal funcionario de carreira na escala e subescala, clase e categoría correspondente ás persoas aspirantes propostos publicándose o acordo no Boletín Oficial da Provincia.

O nomeamento será notificado ao persoal interesado.

#### **14.3.- TOMA DE POSESIÓN.**

A toma de posesión das persoas aspirantes nomeadas efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte á publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

#### **14.4.- ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO.**

Os postos de traballo vacantes, adxudicaranse de acordo coas peticións das persoas interesados, entre os postos ofertados e segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

### **15.- RECURSOS.**

Contra a presente resolución pola que se aproban as bases e se realiza a presente convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Presidente da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no BOP, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

### **16.- NORMA FINAL.**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Pazo provincial de Lugo, 9 de outubro de 2017.- **O SECRETARIO, Cristobal Victor Fraga Bermejo.**

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO LIBRE, CON CARÁCTER DEFINITIVO, Á PRAZA DE “TÉCNICO/A SUPERIOR EN ARQUIVÍSTICA”, REXÍME FUNCIONARIAL, DA OFERTA EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2016.**

#### **1.- OBXECTO.**

O obxecto das presentes Bases específicas para acceso libre, con carácter definitivo, á praza “TÉCNICO/A SUPERIOR EN ARQUIVÍSTICA”, correspondente á Oferta Emprego Público do ano 2016, é complementar o procedemento xeral de selección establecido nas Bases xerais para acceso libre da devandita do cadro de persoal funcionario da Deputación provincial de Lugo.

**2.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección será o de OPOSICIÓN LIBRE, de acordo co previsto no R.D. 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do persoal funcionario da Administración Local.

**3.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA E COMETIDO FUNCIONAL.****3.1.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA QUE SE CONVOCA:**

As prazas que se convocan serán as seguintes:

Nº VAC.	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	COTA	GRUPO/ SUBG.
1	Técnico/a Superior en Arquivística	Escala Admón. Especial.- Subescala Técnica. Técnico/a Superior.	XERAL	A / A1

A mencionada praza atópase dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/84, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia.

**3.2.- COMETIDO FUNCIONAL.**

O cometido funcional desta praza e posto de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Deputación provincial en calquera dos servizos desta.

A persoa titular deste posto realizará as funcións que, conforme á relación de postos de traballo vixente ou disposición que a substitúa, se determinen para este. En ausencia de fixación destas na RPT, realizará as que lle sexa atribuídas por calquera outra norma, polo xefe da área ou servizo correspondente, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

**4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.**

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD 781/86, de 18 de abril; co artigo 25 da Lei 30/84, de 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), será necesario estar en posesión dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

Nº VAC.	DENOMINACIÓN	TÍTULOS ACADÉMICOS
1	TÉCNICO/A SUPERIOR EN AQUIVÍSTICA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grado Universitario en Información e Documentación.</li> <li>• Grado Universitario en Xestión da documentación, Bibliotecas e Arquivos.</li> <li>• Licenciatura en Xestión Documental e Arquivista.</li> <li>• Grado Universitario ou Licenciatura en Humanidades.</li> <li>• Grado Universitario ou Licenciatura de Historia</li> </ul>

**SEGUNDO: BASES ESPECÍFICAS APLICABLES:****1.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

O procedemento de selección, constará dos seguintes exercicios:

**1.1.- PRIMEIRO EXERCICIO.**

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado co apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizalo de sesenta minutos.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sendo neste caso o tempo máximo para realizar o exercicio sesenta minutos.

c) Nun exercicio tipo test de 40 preguntas, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de materias comúns. Neste caso o tempo máximo para realizar o exercicio de 45 minutos.

O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

Este exercicio - no caso de que se opte polas modalidades a) ou b)- será lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine podendo asistir á dita lectura as demais persoas aspirantes.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo a puntuación mínima 5 puntos para superar o exercicio.

### **1.2.- SEGUNDO EJERCICIO.**

Consistirá na exposición por escrito de CATRO temas, seleccionados por sorteo, entre os temas das MATERIAS ESPECÍFICAS.

O sorteo será do seguinte xeito:

- 1 tema do Bloque I.
- 1 tema do Bloque II.
- 1 tema do Bloque III.
- 1 tema do Bloque IV.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de 180 minutos.

Este exercicio será lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine, podendo asistir a mencionada lectura as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido dos temas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superar o exercicio.

### **1.3.- TERCEIRO EJERCICIO.**

O terceiro exercicio consistirá nunha proba práctica sobre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS, establecida libremente polo Tribunal e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos de traballo que se convocan.

O Tribunal propondrá un exercicio e e realizarase no tempo máximo de 120 minutos.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

### **1.4.- CUARTO EJERCICIO. PROBA DE GALEGO.**

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, da Lei do Emprego Público de Galicia, establece:

*“... para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, de ser o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”*

En cumprimento do sinalado, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria.

## **2.- PROGRAMA DE ACCESO Á PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS.**

### **2.1.- MATERIAS COMÚNS.**



- 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. Procedemento de reforma.
- 2.- Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.
- 3.- A Coroa. As funcións constitucionais do Rei. O referendo. As Cortes Xerais. Composición, elección e disolución. Atribucións. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.
- 4.- O Goberno na Constitución española de 1978. A designación e a remoción do Presidente do Goberno. As funcións do Presidente do Goberno.
- 5.- O Poder Xudicial. Regulación constitucional da Xustiza. O Consello Xeral do Poder Xudicial.
- 6.- Organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. Administración central e periférica. A Administración Institucional.
- 7.- As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas.
- 8.- A Organización institucional das Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias.
- 9.- O réxime local español: principios constitucionais. Regulación xurídica. A autonomía local na Constitución española de 1978.
- 10.- A provincia no réxime local. Órganos de decisión colexiados e unipersonais ; organización complementaria.
- 11.- A Administración Pública na Constitución. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
- 12.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. O principio de legalidade.
- 13.- As fontes do Dereito Público. Normas supraestatais. Normas estatais. Normas autonómicas. Normas locais.
- 14.- O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común. Principais documentos do expediente administrativo.
- 15.- A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- 16.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. O sistema retributivo.
- 17.- Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Código disciplinario.
- 18.- A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056 do 10/03/2011).

## 2.2.- MATERIA ESPECÍFICAS.

### Bloque I:

#### TEMARIO

- 1.- Concepto de Arquivística: Definición, fins, obxecto de acción e metodoloxía. A tradición arquivística en España e a súa evolución.
- 2.- Historia dos arquivos e da arquivística: a antigüidade, a idade media, a idade moderna. Os cambios producidos na arquivística a partir do século XIX.
- 3.- A paleografía: definición, obxecto, método e evolución. Periodización e evolución dos ciclos da escritura latina. Elementos da escritura e abreviaturas.
- 4.- A diplomática: concepto, obxecto, finalidade, método e evolución. Análise formal do documento: caracteres externos e caracteres internos.
- 5.- Principios xerais da Arquivística como enunciados teóricos e metodolóxicos que aportan as liñas esenciais a seguir no exercicio documental. O *record continuum*.
- 6.- As ciencias da información: Definición, diferenzas e similitudes entre Arquivística, Biblioteconomía e Documentación.
- 7.- As ciencias auxiliares da Arquivística: A paleografía, a diplomática, a cronoloxía, a historia, o dereito, as tecnoloxías da información e a lingüística.

8.- A delimitación da arquivística como ciencia. Distintas argumentacións de diferentes autores contemporáneos sobre a definición de arquivística. Requisitos que debe cumprir toda ciencia documental. Divisións da arquivística.

9.- O arquivo: Concepto, función e etapas. Clasificación dos arquivos segundo o tipo de dereito ó que se adscribe o organismo produtor, segundo o seu ciclo vital e segundo a súa actividade. O documento: concepto de documento, caracteres do documento e valores do documento.

10.- Os arquivos de xestión: planificación, grupos xenéricos de documentos, obxectivos e organización.

11.- O segundo estadio do documento: os arquivos centrais administrativos. Definición. Obxectivos e funcións.

12.- O terceiro estadio do documento: os arquivos intermedios. Relación entre o ciclo vital dos documentos e xestión de documentos. Tipos de arquivos intermedios en España. Modelos de arquivo intermedio en Reino Unido e Estados Unidos.

13.- O cuarto estadio do documento: Os arquivos históricos. Tipoloxía de arquivos históricos en España. Obxectivos e funcións.

14.- Planificación de arquivos históricos: ubicación e tendencias construtivas. Recursos humanos. Medios técnicos e tecnolóxicos aplicados ao tratamento arquivístico dos fondos e á xestión de servizos.

15.- O documento de arquivo: definición e razón polas que se producen e conservan os documentos de arquivo. Maneiras de clasificar os documentos. Caracteres e elementos. Tipoloxía documental no contexto de produción. Valores dos documentos.

16.- Os documentos administrativos: definición de documento administrativo. Funcións: Caracteres internos e externos. Requisitos dos novos soportes. O expediente administrativo: definición, partes e tramitación. A organización do expediente administrativo.

17.- As transferencias e o control da documentación: os ingresos dos documentos. Tipos de ingresos. As transferencias e as súas modalidades. Procedemento e planificación das transferencias. A folla de remisión. Formas ordinarias e extraordinarias da saída de documentos.

18.- A clasificación: definición de cadro de clasificación. Principios, modelos e estrutura. Elaboración e aplicación do cadro de clasificación.

## **Bloque II:**

19.- Xestión de fondos documentais: identificación, descrición, valoración e selección.

20.- A ordenación de documentos: concepto e sistemas de ordenación. A instalación física dos documentos nun arquivo: colectores de documentos e as súas características. Elementos auxiliares para a organización de documentos e mobiliario.

21.- O documento de arquivo e as súas peculiaridades informativas. Características que definen ao arquivo como un sistema de información.

22.- A xestión de documentos nas organizacións: fins da xestión de documentos. Caracteres do Sistema de Xestión de Documentos. Caracteres do plan de xestión de documentos.

23.- A normalización nos arquivos: vantaxes da normalización nos arquivos. Organismos implicados na elaboración de normas. As normas arquivísticas.

24.- A normalización na xestión de documentos: A Norma UNE ISO 15489. Características da norma. Partes. Deseño e implementación do sistema de xestión de documentos.

25.- A descrición arquivística. Representacións arquivísticas tradicionais. Os instrumentos de descrición arquivística: Guías, inventarios, catálogos e índices. A descrición arquivística codificada (EAD): definición, obxecto de codificación da norma, principios xerais e partes dun documento EAD.

26.- Tendencias na Arquivística actual: o Records Management e a xestión de documentos. A Arquivística Integral. A normalización na descrición arquivística.

27.- A norma ISAD (G): antecedentes e definición da norma, características, regras para a descrición multinivel, estrutura e elementos que a compoñen.

28.- Norma internacional sobre os rexistros de autoridade de arquivos relativos a institución, persoas e familias ISAAR (CPF): alcance e obxecto da norma. Áreas de información. Norma galega de descrición arquivística (NOGADA): alcance e obxecto. Estrutura de NOGADA.

29.- A transformación dixital, e-administración e xestión documental nas novas leis do Procedemento Administrativo e Réxime Xurídico no Sector Público: unha oportunidade para o noso sector.

30.- A Arquivística e as novas tecnoloxías: As TIC como ámbito de acción da arquivística. A interoperabilidade. O ENI: definición e obxectivos.

31.- As redes telemáticas de comunicación: concepto. Os documentos hipermedia: as súas características, tipoloxía e utilidade.

32.- A administración electrónica: definición, antecedentes e vantaxes. O arquivo electrónico de documentos. Referencias legislativas, xestión do arquivo electrónico. O arquivo electrónico e a Lei de Transparencia.

33.- Definición e principais características do expediente electrónico. A firma electrónica: definición. O certificado electrónico e o proceso básico de firma electrónica.

34.- Os documentos electrónicos: definición e características. Definición de Metadatos. Tipos de documentos electrónicos. Produción e política de xestión de documentos electrónicos.

35.- A conservación nos documentos electrónicos: O arquivo dixital. Principios de preservación. O modelo OAIS. Compoñentes funcionais do arquivo dixital.

36.- A dixitalización: aspectos técnicos. Soportes: medios magnéticos e medios ópticos. A conservación e os elementos da dixitalización. A dimensión económica da preservación dixital permanente.

### **Bloque III:**

37.- Plan de dixitalización: finalidade da dixitalización nos arquivos e nocións básicas. Obxectivos e xustificación do plan de dixitalización nos centros arquivísticos. Criterios de selección do material obxecto da dixitalización.

38.- As linguaxes de indexación: definición. Etapas da indexación adaptadas á documentación. As linguaxes libres e controladas.

39.- As bases de datos: Base de datos versus sistema de Xestión de Base de Datos. Definicións teóricas e descritivas do concepto base de datos. Características das base de datos e a súa tipoloxía.

40.- As fontes de información: definición e tipoloxía principal. A investigación histórica e as fontes bibliográficas.

41.- Soportes e formatos documentais: dende a taboíña de arxila ata o papel industrial. As microformas, soportes magnéticos e soportes ópticos. As tintas: tintas estables e tintas inestables.

42.- Os documentos de arquitectura e os documentos cartográficos: definición, evolución histórica e tipos.

43.- Recursos arquivísticos na Rede (WWW): Bibliográficos, informativos e profesionais.

44.- A restauración documental: Fases a seguir para un proceso de restauración de documentos.

45.- Concepto de patrimonio histórico. A Lei 16/1985, de 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español. Antecedentes, estrutura e contido do título VII de dita lei.

46.- Normativa dos arquivos de Galicia. Recomendacións técnicas e lexislación de especial interese.

47.- Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD).

48.- O acceso á información documental. A regulación do acceso ós documentos: O libre acceso á documentación administrativa e á documentación histórica. O procedemento de consultas.

49.- A protección da información documental no ámbito público, privado, na protección dos datos persoais e a protección da propiedade intelectual.

50.- As asociacións de arquiteiros: historia das asociacións profesionais de arquiteiros. Tipoloxía das asociacións. Obxectivos e metas.

51.- Os Arquivos e os dereitos humanos: Arquivos e centros de memoria. Organización, tratamento e preservación.

52.- Lei da Memoria Histórica Española: Creación do Centro Documental da Memoria Histórica e Arquivo Xeral da Guerra Civil. Adquisición e protección de documentos sobre a Guerra Civil e a Ditadura. Dereito de acceso aos fondos dos arquivos públicos e privados.

53.- O persoal dos arquivos: o arquiteiro. Criterios formativos e código deontolóxico.

54.- Desastres en centros documentais e arquivos: causas e efectos. A importancia dos desastres como causa do deterioro en arquivos. Exemplos.

55.- O arquivo de fotografías: o local. Sistemas de arquivo. Materiais de conservación e condicións medioambientais.

### **Bloque IV:**

56.- Instalacións e edificio de arquivo: concepto de edificio de arquivo. Ubicación do edificio. Zonas do arquivo. Os depósitos: tipos de depósitos dependendo da súa ubicación, condicións óptimas dos depósitos e controis técnicos dos mesmos.

57.- Definición e elaboración dun plan de emerxencia: concepto, preparación, reacción e resposta. A recuperación e o regreso á normalidade.

58.- Sistema de protección ante desastres: protección contra incendios, protección contra inundacións. Sistemas de recuperación tras un desastre: danos por lume e recuperación de libros e documentos mollados. Tipos de secado.

59.- Os arquivos e o seu mercado: Características específicas do mercado de arquivos. Definición dos segmentos do mercado.

60.- O servizo educativo do arquivo. Organización e posta en marcha dun servizo educativo: os medios materiais e os recursos humanos.

61.- Ámbitos de actuación do servizo pedagóxico. Actividades pedagóxicas: visitas ao arquivo, talleres. Materiais e produtos pedagóxicos.

62.- A organización de exposicións: Tipos de exposición. Fases para a realización dunha exposición. Actividades e produtos.

63.- Organismos internacionais. O Consello Internacional de Arquivos (CIA): funcións e organización. A UNESCO: áreas de acción e organización. A UNESCO e os arquivos.

64.- A xestión de documentos na comisión europea. O proxecto E- Domec: obxectivos e niveis de desenvolvemento de traballo.

65.- O sistema arquivístico: definición de sistema arquivístico. O sistema arquivístico español. Centros que conforman o Sistema Español de Arquivos. Órganos que forman o Sistema Español de Arquivos.

66.- O sistema de arquivo de Galicia: concepto de Sistema de Arquivos de Galicia. o subsistema de arquivos da Xunta de Galicia. Arquivos por titularidade.

67.- Os arquivos da administración local: Os arquivos das deputacións, funcións e competencias.

68.- Os arquivos no Réxime Franquista: política de arquivos durante a época franquista. A política de incautación de arquivos.

69.- Os arquivos militares españois. O sistema arquivístico de defensa (SAD). Localización topográfica dos arquivos históricos do exército de terra, os arquivos históricos da armada e os arquivos históricos do exército do aire.

70.- Os arquivos eclesiásticos: definición, tipos de arquivos eclesiásticos e principal normativa pola que se rexen.

71.- Os arquivos familiares e económicos: definición e principais características.

72.- Os arquivos de empresa: definición, tipos de arquivos de empresa e características.

Pazo provincial de Lugo, 9 de outubro de 2017.- **O SECRETARIO, Cristobal Victor Fraga Bermejo.**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR PRAZAS DA OFERTA DE EMPREGO , DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE.**

**I.- DATOS DA PRAZA**

**DENOMINACIÓN:**.....

**DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:**.....

QUENDA Á QUE SE PRESENTA: SISTEMA XERAL

COTA RESERVA DISCAPACITADOS

**II. DATOS PERSOAIS**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI.	TELÉFONO: MÓBIL:	E-MAIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL:

**EXPOÑO :**

1º.- Que reúno todos e cada uno dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade.
- Estar en posesión do título de..... esixido nas bases específicas que rexen a convocatoria.
- Poseer a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

así mesmo manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía do .....% polo que solicito a adaptación das probas.(Acompañase documento especificando os motivos da minusvalía e o tipo de adaptación).

2º.- Que me comprometo no caso de obter a praza e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nelas e a tomar posesión da praza e do correspondente posto de traballo, tralo xuramento ou promesa nos termos legalmente establecidos, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas bases da convocatoria, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**SOLICITO:**

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

Lugo, a.....de.....de .....

( Asinado)

De conformidade coa Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que os datos de carácter persoal que se solicitan serán incorporados a un fichero inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, do cal é responsable a Deputación de Lugo, e serán tratados para xestionar os procesos de selección da institución. Vostede ten a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixíndose ao Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, San Marcos nº 8, en Lugo (27001).

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

R. 3014

**CONCELLOS****BECERREÁ***Anuncio***LICITACIÓN DE CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN.**

Resolución da Alcaldía de data 6 de outubro de 2017.

1. Entidade adxudicadora: Concello de Becerreá.

Expediente: Contratato de subministro.

2.Obxecto do contrato: “subministración dunha mini excavadora”.

Prazo de entrega: 1 mes.

Lugar de entrega: Becerreá.

3.Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: ordinaria, procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

4.Criterios de adxudicación: cláusula 2.7 do P.C.A.P. (prezo, prazo da garantía, dotación de equipamento opcional e potencia de motor)

5.Tipo de licitación: 40.000 Euros, IVE incluído. (33.057,85 € máis 6.942,15 € correspondentes ao IVE).

6.Garantías: garantía provisional non se esixe, garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

7.Requisitos específicos do contratista: Non se esixen.

8.Obtención de información e documentación:

Concello de Becerreá. Praza do Concello s/n 27640 Becerreá. Teléfono 982 360 004 Fax 982 360 518 e <http://www.concellodebecerrea.com/perfil-contratista/>

9.Presentación de proposicións: dentro do prazo de quince días naturais (15) a contar do día seguinte ao da publicación do anuncio, no BOP e perfil de contratante (art.º 159.2 do TRLCSP), de nove a catorce horas, nun sobre pechado, que poderá ser lacrado e precintado, asinado polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos no Prego.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio.

Cando o último día do fin do prazo coincida con sábado, domingo ou festivo, se entenderá que remata o primeiro día hábil seguinte.

10.Documentación que se debe presentar: se detalla na cláusula 2.4 dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

11.Apertura das proposicións: O acto público de apertura de proposicións se celebrará o primeiro martes seguinte ó de finalización do prazo para a presentación de ofertas, ás dez horas na Casa Consistorial do Concello de Becerreá.

12.Os gastos de publicación dos anuncios previstos no expediente, serán por conta do contratista adxudicatario.

Becerreá,, 6 de outubro de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3015

*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 4 de outubro de 2017, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro de 2017 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da

publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 04/12/2017. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de outubro de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 3016

## MURAS

### *Anuncio*

#### **DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lorena Burque Antelo, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo hora/porcentaxe prezo hora e o número de horas que foron atendidas no mes de Agosto de 2017.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Agosto 2017, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO-** Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao mes de Agosto de 2017. O padrón correspondente ao mes de Agosto consta de 50 contribuíntes (21 de libre concorrencia e 29 de dependencia) e un importe total de 5.099,41 € (2.981,09 € persoas usuarias de dependencia e 2.118,32 € persoas usuarias de libre concorrencia).

**SEGUNDO-** Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**TERCEIRO-** O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcurrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

**CUARTO-** Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

**QUINTO-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D<sup>a</sup> Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)

Muras, a 4 de outubro de 2017.- O ALCALDE, Manuel Requeijo Arnejo

R. 3018

## VILALBA

### Anuncio

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa **sesión ordinaria** celebrada o día **31/07/2017, da modificación das ordenanzas fiscais n.º 2, 4, 5, 8, 9, 11, 16 e 36, reguladoras respectivamente dos impostos de bens inmobles (IBI), sobre construcións, instalacións e obras e licenzas de primeira ocupación (ICIO) e de vehículos, así como das taxas da expedición de documentos administrativos, da recollida de lixo, da rede de sumidoiros, do servizo de subministro de auga e do conservatorio municipal**, publicado no BOP n.º 198 do 29/08/2017, insertándose de seguido os textos íntegros das citadas modificacións, no cumprimento do estipulado no art. 17 do RD Legislativo, 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das Facendas Locais) e no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

#### MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

##### Artigo 8. Tipo de gravame, cota íntegra e cota líquida.

1. O tipo de gravame será:

- a) Para os bens inmobles de natureza urbana..... **0,45%**
- b) Para os bens inmobles de natureza rústica..... **0,30%**
- c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais..... **1,3%**

2. A cota tributaria íntegra será a que resulte de aplicar o tipo de gravame á base liquidable.

3. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións á cota íntegra.

##### Artigo 9. Bonificacións.

1. Gozarán dunha bonificación do 90% na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ao seu remate, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento de outorgamento da licenza por parte da Administración municipal.

Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade, ou fotocopia do derradeiro balance presentado ante a axencia estatal da Administración tributaria, para os efectos do Imposto sobre Sociedades.
- c) Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.



2. As vivendas de protección oficial, e as equiparables a estas segundo a **Lei da comunidade autónoma**, gozarán dunha bonificación do 50% durante o prazo de 3 anos, contados dende o exercicio seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que solicitala o interesado en calquera momento anterior ao remate do prazo de 3 anos e terá efectos dende o período seguinte ao da solicitude.

Ao longo dos catro exercicios seguintes ao período citado, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia do titular.

As vivendas de protección oficial, e as equiparables a estas, gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante o prazo de 4 anos contados dende o exercicio seguinte ao de aprobación da presente ordenanza, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia do titular.

Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior ao remate dos catro períodos, tendo efectos, en todo caso, dende o período seguinte ao da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmovible e a documentación acreditativa da titularidade do dito inmovible.

3. Os suxeitos pasivos que ostentan a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, e na que estea empadroadado, coas seguintes características, segundo a **Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas**.

Categoría de familia numerosa	Porcentaxe bonificación.	Porcentaxe bonificación.
	Para unidades familiares con ingresos de ata 3 veces o SMI	Ingresos de máis de 3 veces o SMI e que non superen 5,5 veces o dito SMI
Xeral	90%	50%
Especial	90%	75%

Para aplicar as bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, quen deberá acreditar:

- O empadramento na vivenda obxecto da solicitude.
- A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.
- Xustificante *da declaración da renda do último exercicio anterior ao período da imposición*.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por unidade familiar.

4. Gozarán dunha bonificación do 95% da cota os bens de natureza rústica das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra.

Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, que emitiu a administración correspondente.

4 bis. Ao abeiro do disposto no **art.74.2 quáter do R.D. lexislativo 2/2004, do 5 de marzo**, terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto aqueles inmovibles de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan total e exclusivamente actividades gandeiras ou agrarias pertencentes ao sector primario, ou outras actividades económicas, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, despois da solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter regrado e xurdirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da solicitude, sen carácter retroactivo.

Para poder gozar desta bonificación ao suxeito pasivo deberá ser necesariamente o titular da explotación, debendo *xustificala e, en todo caso, achegar a seguinte documentación*:

- Certificado de facenda no que conste a situación censal do solicitante.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento da explotación ou licenza da actividade correspondente.

O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos exposto a respecto desta bonificación.

O gozo definitivo da presente bonificación quedará condicionado ao compromiso por parte do titular da actividade de que non se producirá o peche da explotación no prazo de 3 anos seguintes á concesión da bonificación.

4 ter. Terán dereito a unha bonificación ata do 50% na cota íntegra os titulares de bens inmobles nos que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol ou enerxías renovables, condicionada a que a instalación para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente. Será necesaria a solicitude, polo titular do ben inmueble que solicite a bonificación, acreditando a homologación da instalación por parte da Administración competente.

5. Ás bonificacións, despois do informe dos departamentos municipais que correspondan, serán concedidos ou denegadas pola Xunta de Goberno Local.

6. As bonificacións que se contemplan nos puntos 2.3 e 4 deste artigo serán compatibles, sen que en ningún caso poidan exceder *do 90% da cota íntegra, de forma acumulativa*.

#### **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚM. 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS E LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Artigo 9. Renuncia, Caducidade e Duración das Licenzas.

1. A obriga de contribuír, unha vez que naceu, non se verá afectada en ningún modo pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez que se concedeu a licenza. En materia de licenzas urbanísticas, estarase ao disposto na **Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro**, polo que se aproba o **Regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia**. A taxa pola prórroga concedida polo Concello de Vilalba, causa unha remuneración que se realizará consonte ao **artigo 7, epígrafe 1 da ordenanza fiscal núm. 8 "Taxa por expedición de documentos administrativos"**.

#### **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 5, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

**Artigo 4º bis- EXENCIÓNS.**

1. Estarán exentos do imposto.

1.1. Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2. Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

1.3. Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

1.4. As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou doentes.

1.5. Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 kg, e que, pola súa construción, non poida alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ao resto das súas características técnicas, equipararanse aos ciclomotores de tres rodas. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome do diminuído para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan as ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. As exencións previstas nos dos parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente. Para os efectos do disposto neste epígrafe, terán a consideración de persoas con discapacidade quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ao 33%. Tamén se consideraran afectados por unha diminución en grao igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, ao abeiro da **Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal de persoas con discapacidade**.

1.6. Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.

1.7. Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

**Artigo 4º ter**

Os beneficios fiscais establecidos no **artigo 4 bis** da presente ordenanza aplicaranse de oficio agás excepción dos sinalados nos **apartados 1.5 e 1.7**, que terán carácter regrado. Nestes últimos supostos actuarase da seguinte forma.

a) Para os supostos sinalados no **apartado 1.5**, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención correspondente indicando as características do vehículo, matrícula, documento acreditativo da súa titularidade e afección aos usos sinalados no mencionado apartado.

En particular, para o outorgamento da exención prevista no **parágrafo 2º do epígrafe 1.5, do artigo 4 bis**, os interesados deberán, de ser o caso, achegar certificado da diminución en grao igual ou superior ao 33%, emitido polo órgano competente, o certificado de percepción de pensión da Seguridade Social polas circunstancias recollidas na mencionada **Lei 51/2003**.

A concesión deste beneficio fiscal, a instancia dos suxeitos pasivos, producirá efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se formule a súa solicitude. Non obstante, se un vehículo tiña concedida a exención con validez non definitiva pola temporalidade do certificado de discapacidade do suxeito pasivo, manterase a continuidade da exención se presenta un novo certificado de discapacidade prorrogado, aínda que a presentación se fíxese con posterioridade á data da remuneración do imposto.

b) No suposto do **apartado 1.7** os suxeitos pasivos deberán instar a concesión da exención debendo achegar o permiso de circulación do vehículo e a inscrición deste no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA), no municipio de Vilalba. A exención iniciará os seus efectos no mesmo exercicio no que se formule a solicitude, e estes manteranse nos sucesivos exercicios mentres non se modifiquen as circunstancias que motivaron a súa concesión.

## **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 8 REGULADORA DA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

### **Artigo 6. Cota Tributaria.**

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, segundo a tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A tramitación de novas licenzas por caducidade dunha anterior, devengar unha nova taxa. Todas as licenzas que se concedan levarán un prazo para a execución das obras ou instalacións, proposto polo técnico autor do proxecto na súa propia documentación técnica. En materia de licenzas urbanísticas, estarase ao disposto na **Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro**, polo que se aproba o **Regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia**.

3. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución.

4. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50% cando os interesados solicitasen, con carácter de urxencia, a tramitación dos expedientes que motivasen a remuneración.

### **Artigo 7. Tarifa.**

A tarifa a que se refire o artigo anterior estruturarase nos seguintes epígrafes.

#### **Epígrafe 1. Solicitudes de documentos o datos.**

##### **1. Expedición de Licenzas Urbanísticas:**

- a) Obras menores: 50,00 €
- b) Obras maiores: 150,00 €
- c) Segregación e agregación de parcelas: 50,00 €
- d) Certificación urbanística dun ben: 100,00 €
- e) Prórroga de licenza de obra: 75,00 €

A tramitación da licenza para obra menor quedará supeditada ao pago efectivo anterior á liquidación provisional do ICIO.

## **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 9, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO. Expte. 2886/2017**

### **Artigo 6. COTA TRIBUTARIA.**

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da súa situación.

Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa.

#### **Zona urbana:**

TARIFA TRIMESTRAL	ÚNICA
a. Vivendas ocupadas.	16,78 €
b. Vivendas non ocupadas.	5,57 €
c. Industrias de ata 25 empregados con actividade	29,01 €
d. Industrias de máis de 25 empregados con actividade.	99,37 €
e. Talleres de todo tipo con actividade	29,01 €
f. Supermercados, hipermercados e grandes superficies, con actividade.	93,15 €
g. Bancos e entidades financeiras con actividade.	53,50 €
h. Oficinas con actividade.	22,27 €
i. Hoteis e hostais de ata 10 habitacións con actividade.	40,14 €
j. Hoteis, e hostais de máis de 10 habitacións, con actividade.	80,29 €
k. Discotecas e salas de festas con actividade.	80,29 €
l. Restaurantes, mesóns e casas de comida con actividade.	55,88 €
m. Café bar especial e café concerto con actividade.	48,41 €
n. Bares e cafetarías con actividade.	40,15 €
o. Comercios con máis de 75 m <sup>2</sup> de superficie con actividade.	22,27 €
p. Pequeno comercio (con menos de 75m <sup>2</sup> ) con actividade.	17,28 €
q. Locais sin actividade	10,00 €

**Zona rural:**

TARIFA ANUAL	ÚNICA
a. Vivendas ocupadas.	55,88 €
b. Vivendas non ocupadas.	18,56 €
c. Industrias de ata 25 empregados con actividade.	116,04 €
d. Industrias de máis de 25 empregados con actividade.	397,48 €
e. Talleres de todo tipo con actividade.	116,04 €
f. Supermercados, hipermercados e grandes superficies con actividade.	372,60 €
g. Bancos e entidades financeiras con actividade.	214,00 €
h. Oficinas con actividade.	65,76 €
i. Hoteis e hostais de ata 10 habitacións, con actividade.	134,12 €
j. Hoteis, e hostais de máis de 10 habitacións, con actividade.	268,28 €
k. Discotecas e salas de festas con actividade.	271,44 €

l. Restaurantes, mesóns e casas de comida con actividade	168,84 €
m. Bares e cafetarías con actividade.	163,88 €
n. Café bar especial e café concerto con actividade.	118,36 €
o. Comercios con máis de 75 m <sup>2</sup> de superficie con actividade	69,48 €
p. Pequeno comercio (con menos de 75 m <sup>2</sup> ) con actividade.	59,56 €
q. Locais sin actividade	30,00€

Considerarase que se realiza actividade naqueles locais nos que se exerce esta con carácter empresarial, profesional ou artístico, cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou dun de ambos os dous coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou de servizos. **No resto dos supostos, considerarase que os locais non teñen actividade**

No caso da realización de dous ou máis feitos impoñibles nun mesmo inmovible, entenderase que é obxecto de tributación ou que corresponde á tarifa de maior contía.

Despois da solicitude do interesado considerarase como vivenda deshabitada aquela na que, cumprindo o **punto 2 do artigo 2 desta ordenanza**, non se encontre ninguén empadroadado nin se rexistre actividade no período impositivo completo. Utilizando de oficio a Administración os medios que estime convenientes para a súa comprobación.

No caso de que se estime a dita solicitude, a taxa por vivenda deshabitada aplicarase no período impositivo seguinte á súa concesión por parte da X.G.L.

#### MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 11, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS.

##### Artigo 5. COTA TRIBUTARIA:

##### 1. Tarifas do servizo de saneamento:

a) Aboados con servizo municipal de abastecemento de auga:

	Ano 2017	Ano 2018 (1,50%)
Mínimo trimestral (24m <sup>3</sup> /trim.X0,2449€/m <sup>3</sup> )	5,8296 €/ab.trim.	5,9160 €/ab.trim.
Por cada m <sup>3</sup> facturado en abastecemento	0,2429 €/m <sup>3</sup>	0,2465 €/m <sup>3</sup>

b) Aboados sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga (cuxo consumo estea próximo á media do resto dos aboados)

COTA FIXA	Ano 2017	Ano 2018 (1,50 %)
-Uso doméstico (para unha media de 12m <sup>3</sup> /ab.mes)	8,7511 €/trim	8,8824 €/ab.trim
-Uso comercial (para unha media de 12 m <sup>3</sup> /abon. mes)	8,7511 €/trim	8,8824 €/ab.trim
- Uso industrial, hostalaría, obras e outros (para unha media de 22m <sup>3</sup> /ab.mes)	16,0423 €/ab.trim	16,2829 €/ab.trim

c) Aboados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento e con consumo moi superior á media do resto dos aboados.

Aqueles aboados/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo aparellos para a medida do caudal vertido á rede; esta medición servirá de base para a facturación. De existir acordo entre a empresa, o concello e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un auditorio do caudal vertido para os efectos da facturación.

	Ano 2017	Ano 2018 (1,50 %)
--	----------	-------------------

Por cada m <sup>3</sup> medido ou aforado	0,2429 €/m <sup>3</sup>	0,2465 €/m <sup>3</sup>
---	-------------------------	-------------------------

## 2. Acometidas de saneamento:

Ud. de acometida de augas residuais formada pola arqueta de saída con tampa de fundición de 40 x 40, tubaría de PVC Ø 160/200 mm/5 atm. incluída escavación, reenchido, demolición e reposición do firme, no seu caso, así como a conexión ao colector existente con peza especial estanca, para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Ano 2017	Ano 2018 (1,50 %)
- Gambia en terra	375,28 €/ud.	380,91 €/ud
- Gambia en asfalto	434,21 €/ud.	440,72 €/ud
- Gambia en beirarrúa	476,93 €/ud.	484,08 €/ud

(Todos os prezos serán gravados co IVE correspondente).

## MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 16, REGULADORA DA TAXA KPOLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA.

### Artigo 5. COTA TRIBUTARIA. BASE IMPOÑIBLE. TARIFA:

#### 1. TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO.

	Ano 2017	Ano 2018 (1,50%)
Mínimo trimestral: 24 m <sup>3</sup> /trim.X 0,4143€/m <sup>3</sup>	9,8736 €/abtrim	10,0224€/ab.trim
Mínimo de consumo: 24 m <sup>3</sup> /trim.	0,4114 €/m <sup>3</sup>	0,4176 €/m <sup>3</sup>
1º bloque: máis de 24 a 30 m <sup>3</sup> /trim.	4707 €/m <sup>3</sup>	0,4778 €/m <sup>3</sup>
2º bloque: máis de 30 a 40 m <sup>3</sup> /trim.	0,5971 €/m <sup>3</sup>	0,6061 €/m <sup>3</sup>
3º bloque: máis de 40 m <sup>3</sup> /trim	0,6686 €/m <sup>3</sup>	0,6786 €/m <sup>3</sup>

#### 2. COTA DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES.

Cota mensual	0,4906 €/ab.mes	0,4980 €/ab.mes
--------------	-----------------	-----------------

#### 3. ACOMETIDAS DE ABASTECIMENTO.

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5,00 m. de lonxitude máxima (1 a 5 m).

##### MATERIAIS

- Ud. de Collarín de toma
- Ud. de enlaces
- Tubaría de P.E.B.D: 1 a 5 m.
- Ud. de chave de paso
- Tapa de fundición de 15 X 25 cm.

##### OBRA CIVIL

- Ud. de arqueta para colocación de tapa de 15 X 25.
- 1 a 5 m.l. de gambia (apertura, peche e reposición de pavimento).

(Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gambia).

##### Prezo en euros:

Ø Acometida	Terra(A)	Asfalto(B)	Baldosa-beirarrúa(C)
¾"	189,42 €	243,79 €	290,34 €

1"	206,09 €	260,99 €	306,07 €
1 1/4" - 1 1/2"	247,92 €	302,51 €	348,49 €
2"	295,06 €	348,49 €	395,02 €

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

Acometidas de máis de 5 m.	3/4"	1"	1 1/4" - 1 1/2"	2"
A. Incremento € por m.	8,88	10,42	14,83	24,92
B. Incremento € por m.	19,58	21,09	25,55	35,61
C. Incremento € por m.	23,54	24,99	29,46	39,52

#### 4. CONTADORES.

##### 4.1. Instalación en batería de contadores ou similar.

- Contador de 13-15 mm./20 mm.
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión

Prezo contador instalado

- Contador de 13/15 mm.	76,30 €/ud.	77,44 €/ud
- Contador de 20 mm.	95,60 €/ud.	97,03 €/ud

##### 4.2. Contador diámetro superior a 20 mm.

Para contadores de diámetros superiores, farase presuposto con anterioridade.

##### 4.3. Tarifa de contadores (sen colocación).

#### TARIFA DE CONTADORES

(Sen colocación)

Ø 13/15 mm	57,66 €/unidade
Ø 20 mm	77,65 €/unidade
Ø 25 mm	126,48 €/unidade
Ø 30 mm	176,79 €/unidade
Ø 40 mm	274,12 €/unidade
Ø 50 mm	598,76 €/unidade
Ø 65 mm	742,28 /unidade

#### 5. XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS.

- Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados polo expediente e a comunicación dos recibos pendentes de pago.	4,085 €/ud.	4,146€/ud.
--	-------------	------------

#### 6. FIANZAS NAS ALTAS DOS CONTRATOS DE AUGA.

- Para subministracións domésticas ou comerciais	30,40 €/alta	30,86 €/alta
- Para subministración industrial ou de obra.	68,42 €/alta	69,45 €/alta

**7. DESPRECINTADO DE CONTADOR**

Por desprecintado dun contador: precintado por baixa voluntaria ou por expediente de corte de subministro.	31,26 €/ud.	31,73 €/ud.
--	-------------	-------------

**8. CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DAS UNIÓN DO EQUIPO DE MEDIDA**

Por conexión á rede dun contador instalado por persoal alleo ao servizo municipal de augas e precintado das unións.	31,26 €/ud.	31,73 €/ud.
---	-------------	-------------

**9. COMPROBACIÓN DE CONTADOR DO ABOADO CON CONTADOR PATRÓN**

A petición do aboado: por comprobación da medición do contador do aboado co contador patrón.	31,26 €/ud.	31,73 €/ud.
--	-------------	-------------

(Todos os prezos se verán gravados co IVE correspondente)

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 36 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL.****Artigo 10. COTA TRIBUTARIA.****1. Taxas cursos completos alumnos presenciais de Vilalba**

CURSO	TAXAS	MENSUALIDADES
G.E. (1º-2º-3º-4º)	180,00 €	24,00 €
G.P. (1º-2º)	320,00 €	32,00 €
G.P. (3º-4º)	450,00 €	40,00 €
G.P. (5º-6º)	540,00 €	48,00 €

As mensualidades aplicaranse por especialidade instrumental, un alumno con máis especialidades cobraráselle en relación ao número de especialidades instrumentais nas que estea matriculado.

**2. Taxas cursos completos alumnos presenciais non empadroados en Vilalba (30% de incremento).**

CURSO	TAXAS	MENSUALIDADES
G.E. (1º-2º-3º-4º)	234,00 €	31,20 €
G.P. (1º-2º)	416,00 €	41,16 €
G.P. (3º-4º)	585,00 €	52,00 €
G.P. (5º-6º)	702,00 €	62,40 €

**3. Taxas alumnos exteriores.**

Os alumnos **exteriores** matricularanse na modalidade de **matricula exterior**. **Unicamente satisfarán o importe da cota mensual** aqueles meses en que asistan de maneira presencial ás clases do conservatorio. As ditas cotas coincidirán coas cotas mensuais dos alumnos presenciais non empadroados en Vilalba.

CURSO	TAXAS	MENSUALIDADES
G. E. (1º-2º-3º-4º)	163, 80 €	31,20 €
G.P. (1º-2º)	291,20 €	41,16 €
G.P. (3º-4º)	409,50 €	52,00 €
G.P. (5º-6º)	491,40 €	62,40 €



4. Materias soltas alumnos de Vilalba (para aqueles con 2º instrumento e materias convalidadas e para os que teñen materias pendentes doutros cursos).

G.E. 100,00 € por materia

G.P. 125,00 € por materia

5. Materias soltas alumnos non empadroados en Vilalba (30% de incremento; para aqueles con 2º instrumento e materias convalidadas e para os que teñen materias pendentes doutros cursos).

G.E. 130,00 € por materia

G.P. 169,00 € por materia

6. Probas de acceso a alumnos de Vilalba

Acceso a 1º de G.E. GRATUÍTA.

Acceso a 1º de G.P. 100,00 €

Acceso a 2º-3º-4º G.E. 100,00 €

Acceso a 2º-3º-4º-5º-6º- G.P. 125,00 €

7. Probas de acceso a alumnos non empadroados en Vilalba (30% de incremento).

Acceso a 1º de G.E. GRATUÍTA.

Acceso a 1º de G.P. 130,00 €

Acceso a 2º-3º-4º G.E. 130,00 €

Acceso a 2º-3º-4º-5º-6º- G.P. 169,00 €

8. Alumnos de música e movemento.

- Alumnos de Vilalba:

Cota 60,00 €

Mensualidade 12,00 €

- Alumnos non empadroados en Vilalba (30% de incremento):

Cota 78,00 €

Mensualidade 15,60 €

9. Certificacións académicas, traslados de expedientes, certificacións de fin de G.E.

Cota 10,00 €

#### **Artigo 11. BONIFICACIÓNS FAMILIAS NUMEROSAS.**

a) Bonificación do 30% da matrícula total, para as familias con 1 alumno.

b) Bonificación do 60% da matrícula total, para as familias con 2 alumnos.

c) Bonificación do 90% da matrícula total, para as familias con 3 ou máis alumnos.

Vilalba, 16/10/2017.- O alcalde. Agustín Baamonde Díaz

R. 3052

VIVEIRO

*Anuncio*

Conforme ao establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de outubro de 2017, aprobouse provisionalmente as seguintes modificacións de ordenanzas fiscais:

Modificación de Ordenanza Fiscal nº 5 reguladora da taxa de licenzas urbanísticas.

Modificación de Ordenanza Fiscal nº 21 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Modificación da Ordenanza Fiscal nº 37 reguladora da taxa pola prestación de servizos na piscina climatizada de Viveiro.

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 16 de outubro de 2017.- A ALCALDESA, María Loureiro García

R. 3064

### Anuncio

#### **CORRECCIÓN DE ERROS DA CONVOCATORIA, BASES E ANEXO POLAS QUE SE INICIA O PROCESO E SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A CREACIÓN DE LISTAS DE EMPREGO TEMPORAL NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE VIVEIRO.**

Habéndose publicado incompleto no BOP de Lugo número 239 de 18 de outubro de 2017 co número de rexistro 3025, a convocatoria, bases e anexo polas que se inicia o proceso e se establecen as normas para a selección de persoal para a creación de listas de emprego temporal no conservatorio profesional de música do Concello de Viveiro, procédese a súa publicación íntegra.

#### **A) DECRETO DE CONVOCATORIA.**

Visto que o cadro docente do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro atópase neste momento deficitario para acadar un eficaz funcionamento.

As devanditas incorporacións non suporán incremento de custos e non incrementarán o número de efectivos, xa que os supostos docentes provisionais que se incorporen virían a substituír aos ocupantes de postos de traballo actualmente existentes.

Visto o artigo 55.1 do EBEP que sinala que “[...] todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico [...]”

Visto o artigo 55.2 do EBEP que establece que “[...] as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) *Publicidade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección [...]*

Visto o artigo 61.1 do EBEP que dispón que “[...] os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrència, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto [...]”

Tendo en conta que para acadar o referido funcionamento eficaz do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, e en base a criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente de crear listas de emprego provisionais en relación coas seguintes especialidades musicais:

Acordeón	Frauta travesa	Piano	Trombón
Canto	Gaita	Saxofón	Viola
Clarinete	Guitarra	Trompa	Violín
Composición	Linguaxe musical	Trompeta	Violonchelo
Contrabaixo	Percusión	Tuba	

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

**RESOLVO:**

1º.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.

2º.- Aprobar as bases, e os seus anexos, que rexerán o procesos selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos ao obxecto da constitución de listas de emprego provisionais en atención as especialidades musicais indicadas na parte expositiva.

3º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases, e o seu anexo, no Boletín Oficial da Provincia.

Viveiro, 18 de outubro de 2017.- A **alcaldesa**, María Loureiro García.

**BASES E ANEXO POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA SELECCIONAR PERSOAL AO OBXECTO DE INTEGRAR AS LISTAS DE SUBSTITUTOS E INTERINOS PARA IMPARTIR A DOCENCIA NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VIVEIRO.**

**1.- OBXECTO E NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A creación da presente bolsa de traballo ten por finalidade establecer un procedemento para a inmediata posta a disposición de persoal no Conservatorio de Música de Viveiro e fixar as normas que rexerán o proceso selectivo para constituír as listas de emprego de persoal docente para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan.

A creación de listas de emprego ateranse ás seguintes especialidades musicais:

Acordeón	Frauta traversa	Piano	Trombón
Canto	Gaita	Saxofón	Viola
Clarinete	Guitarra	Trompa	Violín
Composición	Linguaxe musical	Trompeta	Violonchelo
Contrabaixo	Percusión	Tuba	

A convocatoria rexirase polo disposto nestas bases e, no seu defecto, polo disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; polo disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; pola Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; polo Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e da Provisión dos Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado; e polo Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento da selección de funcionarios da Administración Local, e demais normativas de aplicación.

A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)).

As bases e anexos publicaranse no taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)).

**2.- REQUISITOS XERAIS QUE POSUIRÁN OS ASPIRANTES A FORMAR PARTE DAS LISTAS DE EMPREGO.**

Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e que están en condicións de acreditarlos antes do nomeamento como funcionario interino ou a formalización do contrato laboral, agás no suposto de compatibilidade de actividade, que é suficiente acreditarla antes do inicio da relación de servizo.

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que se aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír o título académico de Profesor de Grao Superior ou Profesor Superior na especialidade a que se opta ou do Título de Profesor da especialidade correspondente expedido ao abeiro do Decreto 2618/1966, do 10 de setembro.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) Cumprir, no momento do nomeamento ou da formalización do contrato, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade no momento inmediato á formalización do contrato de traballo ou nomeamento. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello de Viveiro, os aspirantes seleccionados comprométese a renunciar á mencionada actividade. No caso contrario, o mencionado nomeamento ou contrato de traballo deixaría de ter validez.

### 3.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

**3.1. Presentación.** Os interesados que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as solicitudes á Sra. Alcadesa do Concello de Viveiro no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará nas oficinas administrativas do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro e na páxina Web do Concello de Viveiro ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)).

**3.2. Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de **10 días naturais** contados dende o día seguinte ao da publicación destas bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

**3.3. Lugar de presentación.** A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

**3.4. Cumprimentación.** A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

### 4.- LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS.

**4.1. Lista provisional.** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional de admitidos e, se é o caso, excluídos. A dita resolución publicarase no Taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e na páxina web ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)).

**4.2. Prazo de alegacións.** O prazo para que os excluídos poidan alegar o que consideren será dun prazo máximo de 2 días naturais a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional no Taboleiro de Anuncios e na indicada páxina web. As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

**4.3. Lista definitiva.** De existir alegacións á lista provisional aprobarase a lista definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á lista provisional entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

### 5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

#### 5.1.- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU PASAPORTE.

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

#### 5.2.- MÉRITOS DEBIDAMENTE ACREDITADOS.

##### a) Documentación acreditativa dos méritos.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación coas especialidades ás que se opte/n, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato de traballo ou nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coa especialidade ao que se opta.

- Copia compulsada das titulacións, cursos, estudos, xornadas, seminarios, etc.

- Currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable a posesión dos méritos que se alegan.

- Informe do servizo galego de emprego no que se acredite o tempo continuado en desemprego do aspirante.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos no apartado 6.2 deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

#### **b) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.**

Non acreditar os méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal de selección nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

### **6.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

#### **6.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.**

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 Presidente, 3 Vogais e 1 Secretario) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso ás listas.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

A composición do Tribunal de selección publicarase no taboleiro de edictos do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro e na súa páxina web do Concello de Viveiro.

#### **6.2. INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.**

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos dos asesores naquelas especialidades musicais que consideren conveniente oír a opinión de técnicos especialistas. Así mesmo, poderá dispoñer de colaboradores que consideren conveniente para apoio as súas labores administrativas.

No suposto de incorporarse asesores, estes loxicamente só terán voz.

#### **6.3. Abstención e recusación.**

Os membros do Tribunal de selección absteranse de intervir, comunicándollo ao órgano convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 de Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 29 da citada norma.

#### **6.4. Actuación do Tribunal.**

O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar válidamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, xa citada.

O Tribunal de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizar o exercicio de galego cas do resto dos

aspirantes. Se na súa realización lle xurdisen dúbidas respecto da capacidade do aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos empregados dos empregos aos que se opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

#### **6.5. Pagamento de asistencias e gastos de desprazamento dos membros do Tribunal, asesores e colaboradores.**

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesións, a percibir as axudas de custo por asistencia na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións vixentes na data da realización das probas.

Así mesmo, os membros do Tribunal que teñan que desprazarse dende outro término municipal terán dereito a percibir as correspondentes axudas de custo por gastos de locomoción e manutención, conforme determina a normativa anteriormente citada; podendo efectuar os mencionados desprazamentos en vehículo propio.

#### **7.- O SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección será o concurso de méritos.

##### **7.1.- Puntuación máxima do concurso de méritos.**

A puntuación máxima do baremo de méritos, incluída a puntuación da entrevista curricular, será de 16 puntos.

##### **7.2.- BAREMO DE MÉRITOS. Puntuación máxima 14 puntos.**

###### **a) Experiencia profesional. Valorarase ata un máximo de 5 puntos.**

- Por cada mes completo de experiencia en conservatorios de música de titularidade pública na especialidade á que se opta: 0,10 puntos.

- Por cada mes completo de experiencia en conservatorios de música de titularidade privada na especialidade á que se opta: 0,05 puntos.

- Por cada mes completo de experiencia en escolas de música de titularidade pública na especialidade á que se opta: 0,05 puntos.

- Por cada mes completo de experiencia en escolas de música de titularidade privada na especialidade á que se opta: 0,02 puntos.

###### **b) Formación complementaria. Valorarase ata un máximo de 5 puntos.**

- Polo título de máster na especialidade ao que se opta: 0,50 puntos.

- Por cada título de Grao Superior dunha especialidade musical distinta á que se opta: 1 punto.

- Por cada crédito (10 horas) de cursos relacionados coa especialidade á que se opta ou de novas tecnoloxías aplicadas á educación: 0,10 puntos. Puntuación máxima 2,50 puntos.

###### **c) Idioma galego. Valorarase ata un máximo de 2 puntos.**

- **Celga 3**, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: **1 punto**.

- **Celga 4**, curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros e 1º, 2º e 3º curso da Escola Oficial de Idiomas: **2 puntos**.

###### **d).- Tempo en desemprego. Valorarase ata un máximo de 2 puntos.**

- Menos de 12 meses                      1 puntos

- Mais de 12 meses                      2 puntos

Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións; puntuándose, en consecuencia, polo curso ou titulación de nivel superior.

Só se lle concederá validez, para acreditar o idioma galego, os cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

##### **7.3.- ENTREVISTA CURRICULAR. Puntuación máxima de 2 puntos.**

A entrevista curricular consistirá na contestación por parte dos aspirantes ás preguntas formuladas polos membros do Tribunal co gallo de afondar unicamente en cuestións curriculares, sen contemplar aspectos persoais ou que non se atopen directamente relacionados cos méritos curriculares.

#### **8.- CUALIFICACIÓN FINAL.**

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración de méritos e na entrevista, establecendo para estes efectos a orde da lista de emprego.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, o desempate resolverase a favor do aspirante que obteña a maior puntuación no factor experiencia profesional. No suposto de que persista o empate este resolveríase a favor do aspirante que obteña a maior puntuación no factor formación profesional complementaria. Se aínda así persiste o empate, este resolverase a favor do aspirante que leve mais tempo en desemprego.

#### **9.- PROPOSTA PARA A CONFECCIÓN DA LISTA DE EMPREGO.**

O Presidente do Tribunal de selección, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía. A dita proposta publicarase no Taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e na súa páxina web ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)).

#### **10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

##### **10.1. Documentación que os aspirantes seleccionados teñen que acreditar documentalmente mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais para figurar nas listas de emprego.**

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsada.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsada) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados acompañada do xustificante de ter efectuado o pagamento dos dereitos para a expedición do devandito título.
- e) Para axilizar o trámite dos chamamentos, todos os seleccionados facilitarán, con carácter previo á inclusión nas listas de emprego, un enderezo de correo electrónico, número de teléfono móbil ou calquera outra canle que permita unha comunicación áxil para poder convocalos, sempre que eses datos non os incluíran na solicitude de participación no proceso selectivo.

**10.2. Lugar de presentación.** Os devanditos documentos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro.

**10.3. Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

#### **11.- NORMA DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA**

Con carácter xeral as listas de emprego terán unha duración indefinida. Non obstante, poderá darse por caducada unha lista cando polo transcurso do tempo ou por outras circunstancias se considere que se modificaron as características do posto de traballo a desempeñar ou as circunstancias do servizo. Neste suposto convocarase un novo proceso selectivo. En calquera caso, a permanencia das listas poderá revisarse aos catro anos, a contar dende o día seguinte a facelas públicas no taboleiro de anuncios do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, mediante nova convocatoria.

a) A presente bolsa estará vixente en tanto non se aprobe unha nova e mentres se estime necesario a permanencia da mesma.

b) A bolsa de traballo se usará sempre tendo en conta a orden da puntuación obtida no concurso.

c) As contratacións ofreceráanse, no momento no que se produzan necesidades de cobertura temporal que a empresa decida atender deste xeito, por orden de lista, ás persoas en disposición de incorporarse. A oferta poderá referirse a calquera das especialidades nas que se precisen traballadores.

d) Calquera integrante das listas definitivas firmes poderá 'desactivarse' en calquera momento antes de ser requirido para unha contratación temporal, bastando para elo que o comunique por escrito presentándoo no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

e) Considerando as características das necesidades a cubrir con estas Bolsas de emprego temporal, nas que poden concurrir circunstancias de inminencia e imprevisibilidade, o ofrecemento se realizará por un máximo de tres chamadas ao teléfono facilitado en intervalos de 2 horas. Ante a imposibilidade de contactar, entenderase que se rexeita o ofrecemento e pasarase a seguinte persoa da lista en disposición de incorporarse e así sucesivamente. Os aspirantes poderán actualizar os seus datos de contacto durante a vixencia da bolsa.

Os efectos para os aspirantes polo seu rexeitamento da contratación regulase do seguinte xeito:

- O primeiro rexeitamento non implicará penalización.
- O segundo rexeitamento suporá pasar a ocupar o último posto da lista.
- O terceiro rexeitamento suporá a baixa definitiva da lista.

No se considerará rexeitamento a un ofrecemento ao caso das mulleres embarazadas que así o manifesten ao ser requiridas, si tal estado é incompatible, según os criterios preventivos, co exercicio da actividade dos postos a cubrir coa bolsa do que se trate.

**f)** As persoas que estando contratadas en virtude destas bolsas foran despedidas por motivos disciplinarios, causarán baixa en aquelas das que puideran formar parte. Igual actuación se seguirá no caso de persoas que deran por finalizada a súa relación laboral por vontade propia, tanto de forma expresa como tácita.

**g)** Contratación. Os contratos laborais que se realicen, no seu caso, faránse coas modalidades legais de contratación temporal de traballadores que recolla o ordenamento xurídico en vigor, adecuadas a os distintos supostos que deberían atenderse e segundo o réxime de cada modalidade.

## **12.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.**

Á vista da proposta do Tribunal de selección e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder ás listas as que se optan, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo decidindo a confección de tales listas de emprego de carácter provisional.

## **13.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.**

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

## **14.- RECURSOS.**

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, e que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Viveiro, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación no BOP, ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estime procedente.

Viveiro, 18 de outubro de 2017.- A ALCALDESA, María Loureiro García



**ANEXO I**  
**CONCELLO DE VIVEIRO**

**I.- DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO:**

- a) **DENOMINACIÓN (Especialidade):** .....
- b) **RÉXIME XURÍDICO:** .....
- c) **DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:** ...../...../.....

**II.- DATOS PERSOAIS:**

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO:	MÓBIL:
DOMICILIO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO:	CÓD. POSTAL:
	PROVINCIA:	

**III.- EXPOÑO:**

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española ou tela doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do art. 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade.
- c) Posuír o título académico de: ..... ou equivalente.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións do emprego convocado.
- e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

Así mesmo, manifesto que solicito a adaptación das probas polos motivos que se expresan.

(En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e as adaptacións que solicita).

**IV.- SOLICITO:**

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar no proceso selectivo (sistema concurso) correspondente.

Viveiro, ..... de ..... de 2017.

(Asinado)

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VIVEIRO.**

De acordo con lo establecido por la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, le informamos que sus datos serán incluidos en un fichero del que es titular Ayuntamiento de Viveiro y podrán ser utilizados para prestarle el servicio solicitado a través de esta instancia. Le informamos además que podrá ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición en el domicilio de Ayuntamiento de Viveiro en Praza Maior 1, 27850 - Viveiro (Lugo).



b) FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (Máx. 5 puntos).			
Nº ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	PUNTUACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
		TOTAL:	

c) IDIOMA GALEGO (Máx. 2 punto).

Puntuación:

d) TEMPO EN DESEMPREGO (Máx. 2 punto).	
	Puntuación:
	Puntuación total:

R. 3077

---